

Historia moderna de España

A ESPAÑA IMPERIAL

O reinado dos Reis Católicos 1479- 1515

O matrimonio de Isabel e Fernando, en 1469 supón a **unión dinástica dos reinos de Castela e Aragón**. Cada monarca ocupábase dos asuntos de cada reino. Non había fusión de ambos reinos nunha nova realidade política. Cada reino era independente.

Os Reis Católicos inician a monarquía autoritaria poñendo fin a fragilidade de poder dos reis propios da idade media. Os reis tratan de someter o poder da igrexa a través do **Patronato Rexio** (privilexio real de nomear bispos), o poder da nobreza rebelde á causa isabelina, a través da **Sta. Hermandad** (exército real permanente) e o poder das cidades a través da figura do **correxidor** (funcionario real que representaba ao rei no goberno das cidades).

A nivel de política interior reforzaron aos **Consellos** (Consello de Castela, Aragón, Inquisición) en detrimento das Cortes. Nomearon **vicereis** para gobernar os territorios que tiñan leis e institucións propias (Aragón Navarra). Reformaron a xustiza: **Chancelerías** (Valladolid e Granada), **Audiencias** (Galicia e Sevilla). **Exército real** permanente e unha administración real pagados pola recaudación de impostos.

Unha das ideas centrais do seu reinado era a busca **dunha unidade relixiosa e a limpeza de sangue**. Para isto crearon o Tribunal da **Sta. Inquisición** en 1478. O seu obxectivo era perseguir a herexía. A comunidade xudea foi expulsada en 1492. Os xudeos foron obrigados a converterse ao cristianismo ou pola contra tiñan que abandonar o país. A súa marcha prexudicou a economía das cidades polo tipo de oficios que desempeñaban.

As campañas militares permitíronlles ampliar os seus territorios: **Conquista de Granada** (1492), recuperación do Rosellón e a Cerdaña (1493), expansión polo Mediterráneo (**Nápoles**), ocupación de **prazas fortes no norte de África** e anexión de **Navarra** en 1512. Tema aparte é o descubrimento de **América** por Colón e a importancia de cara ao futuro do **Tratado de Tordesillas** (1494).

A política matrimonial dos Reis Católicos tiña como obxectivos illar a Francia e buscar a unión con Portugal.

Os Austrias Maiores. S. XVI. Carlos I

Durante este período España ía a exercer a hexemonía militar e política en Europa.

Carlos I (1516-1556) herda dos Reis Católicos: Castela, Aragón, Navarra, Sicilia, Cerdeña, Nápoles, Illas Canarias, prazas do Norte de África. Do seu avó paterno Maximiliano de Austria herda: Flandes, Artois, Brabante, Luxemburgo, Franco Condado, Austria, Tirol e a posibilidade de ser entronizado emperador do Sacro Imperio Xermánico.

- **Na política interior** Carlos I tivo que enfrontarse ao problema da **rebelión dos Comuneros** (1520-1521). Este conflito foi unha reacción castelá fronte á chegada dun monarca que viña rodeado dunha corte de estranxeiros e que repartiu responsabilidades entre xentes de fóra. Ademáis o feito de asumir o nomeamento de emperador fixo sospeitar que os asuntos de Castela quedarían nun segundo plano. Os casteláns trasládanlle a idea de que o reino está antes que o rei. Finaliza cunha forte represión do rei coa axuda da alta nobreza: os asuntos políticos atinxen ao rei, non aos súbditos.
 - Outro problema interior que tivo que solucionar nada máis chegar foi o **conflito das Xermanías, en 1520**, en Valencia e Mallorca. Unha loita de tipo social que enfrontou a menestrais e artesáns contra a nobreza para protestar polos abusos nobiliares e a escasa defensa destes fronte a piratería berberisca.
- A súa forma de gobernar incrementou o peso da monarquía, impulsou a creazón dos **secretarios reais**, os **Consellos** (Estado, Guerra, Castela, Aragón, Inquisición), **virreis, gobernadores e capitáns xenerais** como clave do poder territorial. Os seus obxectivos políticos eran a **conservación dos territorios do imperio** e a idea de unha **cristiandade unida** baixo unha **monarquía universal** encabezada pola dinastía dos Habsburgo.

Os Austrias Maiores. S. XVI. Carlos I

Na política exterior Carlos I tivo que enfrontarse a varios inimigos:

A rivalidade con Francia. Primeiro contra Francisco I e despois contra Enrique II. O escenario desas disputas foi o norte de Italia, o Milanesado, Navarra, Brabante, Luxemburgo e o Rosellón. Desas disputas Carlos I saíu victorioso en Pavía (1525), onde Francisco I foi feito prisioneiro, ou o saqueo de Roma (1527) ameazando ao propio papa Clemente VII pola seu aliñamento ao lado de Francia. Francia buscou por todos os medios debilitar a un imperio español que a tiña rodeada. Buscou a alianza cos turcos e máis tarde dos protestantes alemáns. Francia renuncia a Italia o que beneficia a Carlos I que se fai con Milán

A contención do avance turco polo Mediterráneo e no Danubio. Isto levouno a frear a ocupación turca de Viena en 1532 e á conquista de Túnez (1535) e a operación militar en Argel (1541) para evitar a piratería no Mediterráneo

Conflicto de soberanía en Alemania entre os príncipes alemanes e a autoridade imperial agravado polo problema protestante. O conflito oscilou sempre entre a guerra e a conciliación (Dietas). O príncipes alemáns abrazaron o protestantismo como un argumento máis contra o emperador. Crearon a Liga de Esmalcalda, pero foron derrotado por Carlos V na **batalla de Mühlberg en 1547**. Despois disto o emperador negociou a paz e renunciou á unidade relixiosa e política de Alemania (**Paz de Augsburgo 1555**). Alemania foi o seu gran fracaso e provocou a súa **abdicación e retiro en Yuste**. Antes de retirarse deixou o seu imperio dividido: a herdanza austriaca e os asuntos alemáns para o seu irmán Fernando, mentres que a parte occidental quedaría para o seu fillo Felipe II

Os Austrias maiores: Felipe II (1556-1598)

Durante este reinado España reafirmouse como o maior poder político e militar europeo e como un imperio universal. Reforzou o poder do rei e aos órganos existentes sumou os Consellos territoriais de Italia, Portugal e Flandes. Fixou a capital en Madrid (1560) e mandou construír o Escorial. Foi un rei español, relixioso, contido, distante, minucioso. Os seus matrimonios foron por razóns de estado.

As súas **ideas básicas** eran: **defensa do catolicismo, conservación dos reinos, xestión eficaz, castigo da rebelión e aplicación da xustiza real.**

Problemas na política interior:

- Reforzou o **papel da Inquisición** contra focos de protestantismo (1556) que houbo en Valladolid e Sevilla. O Santo Oficio prohibiu a entrada de publicacións estranxeiras.
- **O levantamento dos mouriscos** de Granada, en 1568, que protestaban pola prohibición do uso da súa lingua e formas de vida. Había desconfianza cara a súa auténtica conversión e temor a que recibiran axuda turca. Don Juan de Austria deportou 50.000 a outras rexións do reino.
- **O caso do secretario real Antonio Pérez** (1591) que espertou protestas en Aragón polo que consideraban unha violación real da soberanía xudicial aragonesa. Antonio Pérez foi acusado de asesinato de Escobedo, secretario de Juan de Austria. Fuxido a Aragón, buscou a protección do Xustiza Maior. Felipe II acusouno de herexía polo que podería actuar a Sta. Inquisición. O conflito derivou nunha revolta en Zaragoza en nun enfrontamento encabezado por Juan Lanuza, o Xustiza Maior que foi executado. O exército real rematou o conflito.

Os Austrias maiores: Felipe II

A política exterior de Felipe II tivo dúas etapas:

1º etapa: 1556- 1579. definiuse pola paz con Francia, neutralidade respecto a Inglaterra e atención preferente ao Mediterráneo para solventar o problema turco.

- **Francia foi derrotada en San Quintín (1557)** despois do seu intento de expulsar aos españois de Nápoles, instigada polo Papa Pablo IV. Paz de Cateau- Cambresis (1559): Francia reconece o dominio español en Italia
- **Neutralidade de Inglaterra** por vía matrimonial con Maria Tudor
- A inestabilidade no Mediterráneo por mor da actividade dos turcos (conquista turca de Chipre) e piratas berberiscos finalizaría coa **derrota turca de Lepanto en 1571** a mans dunha coalición entre Venecia, España e o Papa.

2ª etapa: 1579-1598: o interese estratéxico desprazase ao Atlántico e o Mar do Norte: guerra en Flandes, intervención nas guerras de relixión de Francia, incorporación de Portugal (1581), guerra aberta con Inglaterra.

- O gran problema do reinado de Felipe II, que continuaría no reinado seguinte, foi **Flandes**. Rebelión comezada en 1566 polo malestar da nobreza local, provincias e cidades polo crecente absolutismo do rei, elevación de impostos e a extensión do calvinismo polas Provincias do Norte que espertou os seus desexos de independizarse da Monarquía hispánica. **A dura represión do duque de Alba, o saqueo de Amberes (1576) fixeron difícil a paz.** As Provincias Unidas lideradas por Guillermo de Orange practicamente independentes (Unión de Utrecht). As provincias católicas (Unión de Arras)
- **O desastre da Armada Invencible** en 1588 para invadir Inglaterra. Este país dirixido por Isabel I prestara axuda militar aos sublevados en Flandes e ameazaba os envíos de prata de América a España
- **A intervención española nas guerras de relixión en Francia en defensa do catolicismo**

Todas estas intervencións militares deixaron á facenda en bancarrota. Foi necesario acudir a varias fórmulas para sufragar gastos: subir impostos, emisión de débeda pública, préstamos dos banqueiros, venda de cargos, ...Castela sería a máis prexudicada polo esforzo.

Os Austrias menores: Felipe III (1598-1621) e Felipe IV (1621- 1665)

O monarca **Felipe III**, ante a complexidade de gobernar, delega os asuntos políticos na figura do valido, neste caso o **duque de Lerma**. A situación interna de España era de estabilidade se a comparamos co que estaba acontecendo noutros países europeos da época. O exército español seguía sendo dos mellores. A monarquía hispánica seguía sendo a gran potencia hexemónica, pero necesitaba acabar coas guerras polas dificultades económicas e o incerto dalgunhas accións.

España reorientou a súa política exterior e fixo da **diplomacia a base da súa hexemonía** conseguindo un clima de paz en Europa. **Con Inglaterra asinou o tratado de Londres(1604). Cos Países Baixos a Tregua dos Doce anos. Con Francia o Tratado de Fontainbleau (1611)**. Tan só houbo **conflitos no norte de Italia** con Venecia e Saboya polos pasos estratéxicos que unen Flandes co Milanesado.

Esa actividade diplomática no exterior contrastou coa **expulsión dos mouriscos en 1609**, unha medida que prexudicou a agricultura de regadío do Levante e de Aragón.

O monarca **Felipe IV** tamén delega a responsabilidade do goberno en mans do **Conde- Duque Olivares**. Durante o seu reinado reanúdanse os conflitos internacionais a pesar da complicada situación financeira da corona e o difícil mantemento dos exércitos. Varias veces ao longo do s. XVII houbo unha declaración de **bancarrota**, converténdose a débeda flotante española en débeda consolidada. Neste reinado os **conflitos quedan enmarcados no contexto da Guerra dos Trinta anos** (unha guerra entre a rama austriaca dos Habsburgo, apoiada por España, e os protestantes alemáns apoiados por Francia) e no intento de recuperar poderío fronte a Holanda, Inglaterra e Suecia. A pesar das vitorias iniciais (Breda), a dificultade de manter a guerra á vez en Flandes e no camiño entre Milán e os P. Baixos e a **derrota dos tercios españois en Rocroi (1646)** marcou o comezo do declive militar español e a emerxencia de Francia como potencia. A **paz de Westfalia (1648)** supón o recoñecemento da independencia das Provincias Unidas, marca o fin das guerras por motivos relixiosos e o principio da busca dun equilibrio internacional. **En 1659 Felipe IV asina a Paz dos Pirineos** con Francia pola que Rosellón, Cerdaña, Artois e encaves en Flandes e Luxemburgo pasaban a poder francés.

Os Austrias menores: Felipe IV (política interior)

En política interior Olivares tiña tres obxectivos:

- Axilizar a lentitude coa que operaban os consellos a través da creación de comisións de goberno. Pretendía gañar eficacia, revalorizando a figura do monarca.
- Reforzar a integración dos reinos peninsulares mediante a abolición dos seus particularismos
- Lograr que os reinos non casteláns contribuíran tamén aos gastos militares da monarquía hispana para compensar a unha exhausta Castela. (**Unión de Armas**)

A participación española na Guerra dos Trinta anos provocou:

- A **rebelión e secesión de Cataluña en 1640**, satelizada por Francia ata 1652. Causa: oposición ás cargas fiscais e militares de Olivares.
- **Sublevación de Portugal (1640) e separación definitiva** recoñecida en 1668. Rebelión da nobreza, clero e masas populares portuguesas decepcionadas da unión con España. Recibe apoios de Francia e Inglaterra. Proclaman ao duque de Braganza como rei de Portugal (Juan IV) .
- **Conspiracións secesionistas en Andalucía** (duque de Medina Sidonia) **e Aragón** (duque de Híjar)
- **Revoltas antiespañolas en Nápoles e Palermo.**

O esgotamento de España foi debido ao **inmenso custe de manter o imperio** e a imposibilidade loxística de mantelo unido. España nunca foi unha potencia económica. A facenda estivo en permanente crise con declaración de bancarrotas (8 veces nun século) e devaluacións da moeda. A débeda triplicouse na 1ª metade do XVII. Castela saíu desfondada.

Reinado de Carlos II(1665- 1700) e final dos Austrias

A sucesión, en varias xeracións, de matrimonios entre familiares creou un **problema de endogamia** manifestado na persoa de Carlos II. Un rei enfermizo que delega as funcións de goberno en varios validos entre os que se atopa o seu medio irmán don Juan José de Austria.

O seu reinado **tivo enfronte a poderosa Francia de Luís XIV** que, aproveitando a continúa situación económica de crise española, ampliou fronteiras na zona de Flandes e Franco Condado. Despois de varios enfrontamentos e varias treguas, na **Paz de Ryswick (1697)**, despois do último enfrontamento, Francia debeu devolver Cataluña, Flandes e Luxemburgo.

A pesar da febleza do monarca, que abriu un período de inestabilidade no interior na corte, España adoptou a política internacional de manter o que quedaba do imperio, **buscando a alianza con Inglaterra e Holanda** para contrarrestar a fortaleza francesa.

Con todo, a partir dos anos oitenta, grazas ao labor do valido, o Conde de Oropesa, que reduce os impostos e os gastos e estabiliza a moeda, comeza a haber **síntomas de recuperación económica**, en especial, nos territorios de Aragón.

Á morte de Carlos II ábrese un **problema sucesorio**. O rei non deixa descendencia e no testamento Carlos II indica que o seu sucesor fora o candidato francés, apoiado por Luís XIV, Felipe de Anjou. Esta aposta estaba xustificada pola crenza de que sería a única forma de garantir a integridade do imperio Mentres, a raíña apoia ao candidato austríaco, Carlos de Austria. O medo a unha Francia e España unidas pola dinastía dos Borbóns provocou un conflito internacional entre os anos 1700 e 1714.

Conquista e explotación de América

O 12 de outubro de 1492, Colón cre que chega ás Indias asiáticas. Unha expedición financiada e autorizada polos Reis Católicos de chegar a Asia navegando en dirección oeste dado que o comercio polo Mediterráneo estaba bloqueado polos turcos e a circunnavegación por África era de dominio portugués. Con este logro Colón, en virtude das **Capitulacións de Sta. Fe** debería ser nomeado almirante, vicerrei e gobernante das terras descubertas e perceptor da décima parte das riquezas, pero a falta de habilidade para organizar a colonización permitiulle aos reis Católicos privalo dos privilexios obtidos.

O Tratado de Tordesillas (1479) delimita que ao oeste das 370 leguas da Illas de Cabo Verde a soberanía das terras descubertas sería castelá, mentres que cara o leste sería territorio portugués.

Colón more sen saber que descubrirá un novo continente.

A partir de aquí multiplicáronse as expedicións de exploración, conquista e colonización. Necesitaban un permiso do monarca. En corenta anos estaba todo conquistado.

Fases:

1492-1518: Antillas, costa venezolana, Florida, descubren o Pacífico e alcanzan Rio da Plata

1519-1540: Primeira volta ao mundo, Illas Marianas, Filipinas, Molucas. Dominio sobre os aztecas, os incas e conquista de Chile.

1541-1560: Val do Misissippi, Novo México, Amazonas

A conquista causou unha enorme mortandade na poboación indíxena por enfermidades, masacres e explotación nas facendas e nas minas.

O goberno e explotación das Indias

Todas as terras descubertas pasaron a dominio do monarca e en concreto á coroa de Castela

Na península estaba o **Consello de Indias**, órgano que dirixía estes dominios. **A Casa de Contratación** de Sevilla controlaba as mercadorías que ían e viñan de América. De España saían produtos manufacturados e de América viñan produtos tropicais e **metais preciosos (plata das minas de Zacatecas e Potosí)**. O tráfico de mercadorías era realizado polas **frotas de Indias**.

Os territorios coloniais quedaron organizados a través dos cabidos, gobernacións ou provincias, Audiencias e virreinos. **Os virreinos foron dous: Nova España e Perú**. Estes territorios estaban rexidos polas **Leis de Indias**. Os indios xuridicamente eran homes libres e súbditos de Castela. Porén foron repartidos polo sistema da **encomenda** para cultivar as terras e a **mita** para a explotación das minas a cambio tiñan a obriga de evanxelizalos e aculturizalos

Os abusos e a explotación da man de obra indíxena deu lugar a queixas por parte de eclesiásticos como De las Casas. Os xesuítas fundaron **misións** de indios no Paraguay. Para compensar o descenso de man de obra indíxena trouxéronse escravos dende África.